

DECRETO DA ALCALDÍA, SOBRE A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE CONTRATO EN PRÁCTICAS, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE PONTEAREAS A TRAVÉS DO PROGRAMA E BASES DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA "O TEU PRIMEIRO EMPREGO". PUBLICADO O MÉRCORES 15 DE MAIO DE 2019 NO BOPPO NUMERO 92.

Visto Decreto número 2019-2590 de data 01/08/2019 de Aprobación das bases e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo laborais contrato en practicas para a contratación 4 graos ou licenciados/as para o programa denominado " MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO" ao abeiro das citas bases publicadas no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019, cunha duración de 6 meses prorrogables, a xornada completa para a realización de servizo descrita nas bases.

RESOLVO:

PRIMEIRO: Modificar o citado Decreto número 2019-2590 de data 01/08/2019 de Aprobación das bases e o seu anexo, que rexerán os procesos selectivos para o ingreso, con carácter temporal, dos postos de traballo laborais contrato en practicas para a contratación 4 graos ou licenciados/as para o programa denominado " MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO" ao abeiro das bases publicadas no BOPPO nº 92 do 15 de maio de 2019, cunha duración de 6 meses prorrogables, a xornada completa para a realización de servizo descrita nas bases.

SEGUNDO: Co fin de mellorar a calidade dos servizos prestados neste Concello así coma amplialos buscando a maximización do benestar dos cidadáns propónse a modificar as citadas Bases no seu punto I.1 na delimitacións das tarefas e o tipo de actividade do Titulado /a Grao en Economía que dependerá do departamento de Intervención e /ou Tesourería, ampliando a delimitacións de funcións nos seguintes puntos:



- Revisión, actualización e colaborar na tramitación dos procedementos de xestión de ingresos e recadación ca finalidade de que se axusten a novidades legislativas acaecidas na normativa vixente en materia tributaria.
- Revisión das Ordenanzas Fiscais vixentes, ca finalidade de verificar que as mesmas se axustan as novidades legislativas acaecidas no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais normativa de aplicación en materia tributaria.- Colaborar.
- Revisar e colaborar na tramitación de expedientes no departamento de Intervención municipal.
- Colaborar no manexo do programa Contable.

TERCEIRO: Ordenar a publicación da presente convocatoria, bases e anexo no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello (www.ponteareas.es).

CUARTO: Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Persoal, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local e intervención municipal para o seu coñecemento e efectos.

Mándoo e asino en Ponteareas, á data que consta á marxe.

